



**Xogade**

**CAMPO A TRAVÉS**

XOGOS GALEGOS DEPORTIVOS EN IDADE ESCOLAR

## 1. INSCRICIÓN

A inscrición no programa XOGADE (Xogos Galegos Deportivos en Idade Escolar) formalizarase a través da páxina Web [www.deporteescolargalego.com](http://www.deporteescolargalego.com). Pódese acceder tamén a través da web "xogade.xunta.gal". A data de peche da inscrición dos equipos será o 15 de novembro de 2019.

## 2. PARTICIPANTES

No campo a través poderán participar todos os centros de ensino, ANPAs, escolas deportivas municipais, clubs, agrupacións deportivas, asociacións, etc., que cumpran os requisitos da inscrición.

## 3. CATEGORÍA

**Benxamín:** Nados/as nos anos 2012-2011 masculino e feminino.

**Alevín:** Nados/as nos anos 2010-2009 masculino e feminino.

**Infantil:** Nados/as nos anos 2008-2007 masculino e feminino.

**Cadete:** Nados/as nos anos 2006-2005 masculino e feminino.

A participación da categoría benxamín finaliza no Campionato Provincial. Os/as alevíns, infantís e cadetes participarán ademais no Campionato Galego organizado pola Secretaría Xeral para o Deporte.

## 4. OBXECTIVOS XERAIS

Fomentar unha práctica deportiva, educativa e saudable.

Difundir os valores da competición dende unha perspectiva máis regrada.

Facilitar a práctica nunha modalidade de gran tradición histórica en Galicia.

## 5. ESCENARIO DAS PRÁCTICAS E HORARIO

Esta modalidade desenvolverase preferentemente en circuitos de campo a través (herba ou terra batida), en horario lectivo ou extraescolar.

## 6. SISTEMA DE COMPETICIÓN

Cada centro, club ou entidade deportiva poderá participar na primeira fase co número de equipos que desexe en cada categoría, sempre que a súa nomenclatura os diferencie.

Para as seguintes fases, as entidades clasificadas poderán formar os equipos seleccionando aos seus atletas. Celebra ranse fases locais ou comarcais, unha fase intercomarcal (sempre que o servizo provincial así o determine segundo o número de inscristos nesta modalidade), unha fase provincial e unha fase autonómica.

Cada entidade deberá participar na súa zona correspondente, agás en casos excepcionais nos que a participación sexa tan escasa que, a petición das propias entidades, a Secretaría Xeral para o Deporte reorganice as zonas, previa proposta do servizo provincial correspondente.

No presente curso cada zona elaborará os regulamentos para as distintas modalidades. Con esta medida preténdese favorecer a máxima adaptación á realidade e ás necesidades dos usuarios de cada zona

## 7. INSCRICIÓN

Será requisito imprescindible para participar en calquera proba do programa Xogade a mutualización do/a deportista, a través da súa inscrición no equipo correspondente da súa entidade, na web [www.deporteescolargalego.com](http://www.deporteescolargalego.com).

A inscrición dos deportistas realizarase, na medida do posible, na pasarela "online" habilitada para tal efecto na páxina web <https://isis.rfea.es/sirfea2/> para o cal as entidades participantes deberán solicitar de xeito previo a [competicion@atletismo.gal](mailto:competicion@atletismo.gal) as claves de acceso "online". Nas competicións organizadas polos Servizos Provinciais ou agrupacións deportivas serán estes os que decidan o sistema de inscrición a utilizar. En caso de atopar algunha dificultade para facelo, sempre se poderá realizar a través da folia de inscrición oficial que se facilita coa normativa correspondente a cada proba. Aínda así, e por cuestións prácticas, prégase o emprego da citada plataforma, xa que facilita o manexo da información.

A data límite de inscrición dos atletas participantes en cada competición será a fixada polas Agrupacións Deportivas Escolares ou organizadores, e aprobadas polo Servizo Provincial de Deportes correspondente.

## 8. SEGURO

Toda a documentación referente á cobertura do seguro está dispoñible no programa Xogade, na páxina web [www.deporteescolargalego.com](http://www.deporteescolargalego.com).

Nesta páxina o acceso ao protocolo de actuación e á póliza do seguro é aberto.

Lembren que todo o corpo técnico, deportistas e familiares deben coñecer o protocolo de actuación do seguro de accidente deportivo.

## 9. DISTANCIAS APROXIMADAS A PERCORRER

No caso de agrupar a fase local e zonal, recoméndase facer a distancia inferior ata o mes de decembro e a partir de xaneiro a superior. As distancias aproximadas a percorrer serían as reflectidas na seguinte táboa:

CATEGORÍAS	LOCAL	ZONAL	PROVINCIAL	GALEGO
BENXAMÍN	500 m	600 m	700 m	-
ALEVÍN feminino	800 m	1000 m	1200 m	1500 m
ALEVÍN masculino	1000 m	1200 m	1600 m	2000 m
INFANTIL feminino	1000 m	1200 m	1600 m	2000 m
INFANTIL masculino	1200 m	1600 m	2000 m	2500 m
CADETE feminino	1200 m	1600 m	2000 m	2500 m
CADETE masculino	2500 m	3500 m	4000 m	4500 m

## 10. COMPOSICIÓN DOS EQUIPOS

Cada equipo estará formado por seis corredores/as. Puntuarán os/as catro(benxamín, alevín e infantil) ou tres (na categoría cadete) mellor clasificados/as. Non se poderá completar un equipo con atletas de categorías inferiores.

Cada atleta soamente poderá participar na proba de campo a través correspondente coa entidade na que estea dado de alta na modalidade de campo a través no programa Xogade.

Se un atleta está dado de alta no programa Xogade nunha entidade e quere participar con outra entidade noutra proba de campo a través (por exemplo, se está dado de alta nun club e quere participar noutra proba co colexio), ten que poñelo en coñecemento do Servizo de Deporte da Coruña. Soamente podería participar fora de concurso.

Na fase provincial poderanse realizar 2 cambios na composición dos equipos no mesmo día da competición, comunicándoo previamente na Secretaría da proba.

## 11. CLASIFICACIÓNS

Estableceranse dúas clasificacións:

Individual. Segundo a orde de entrada na meta.

Por equipos. A puntuación dos equipos resultará da suma dos puntos obtidos polos 4 (benxamín, alevín, infantil) ou 3 (cadete) atletas mellor clasificados de cada equipo, e gañará o equipo que menos puntos sume. No caso de producirse un empate entre 2 ou máis equipos, resolverase a favor do equipo no que obtivese a mellor clasificación o último dos seus corredores que puntúe. Aqueles equipos que non cheguen á meta cos 4 ou, se é o caso, 3 atletas dos que puntúan, non puntuarán como equipo. Farase unha clasificación só cos atletas (6 máximo) dos equipos que entren na meta co mínimo esixido para clasificar.

Cada comité provincial organizará nas distintas comarcas ou zonas as probas previas necesarias en cada caso para obter os clasificados que competirán no campionato provincial.

Agás na fase comarcal, os equipos estarán formados por 6 atletas, como máximo, dos que puntuarán os 4 primeiros na categoría benxamín, alevín e infantil, e 3 na categoría cadete.

Os membros de cada equipo en cada unha das fases para as que se clasifiquen non terán que ser necesariamente os mesmos.

Para o Campionato Provincial, que será clasificatorio para o Campionato Galego, clasificaranse os 2 mellores equipos de cada fase zonal (intercomarcal), así coma os

8 primeiros atletas clasificados de xeito individual que non estean incluídos nos equipos clasificados. En ningún caso se cubrirá o posto de invitado cos atletas que chegasen a partir do 8º clasificado.

Para o Campionato Galego (alevín, infantil e cadete) clasificaranse os 2 mellores equipos de cada fase provincial, así coma os 8 primeiros atletas clasificados individualmente que non estivesen incluídos nos equipos clasificados.

En ningún caso ocupará o posto de invitado un atleta que chegase a partir do 8º clasificado.

En casos excepcionais, ou por interese da selección galega, a Secretaría Xeral para o Deporte poderá autorizar a participación de atletas a título individual que non participasen no campionato provincial, ou nunha fase comarcal, previa proposta razoada da FGA debidamente documentada.

## 12. CAMPIONATO PROVINCIAL DE CENTROS EDUCATIVOS

A maiores haberá un Campionato Provincial de centros educativos. Os centros educativos clasificados para a fase zonal (intercomarcal) teñen que especificar na folia de inscrición que, en caso de clasificarse para o Campionato Provincial, se optan por participar no Campionato Provincial clasificatorio para o Campionato Galego ou no Campionato Provincial de centros educativos. Os centros educativos non poden participar nos dous campionatos.

Para o Campionato Provincial de centros educativos clasificaranse os 2 mellores equipos de cada categoría de cada fase zonal (Intercomarcal), que optaron por participar neste campionato, así coma os 8 primeiros atletas de equipos clasificados de xeito individual que non estean incluídos nos equipos clasificados.

## 13. SELECCIÓN GALEGA

A categoría cadete participará no Campionato de España de Campo a Través, formando parte da selección galega os 3 primeiros clasificados do Campionato Galego Escolar e os 3 primeiros clasificados do Campionato de Galicia Cadete (Federado). Só no caso de resultar imposible a realización do Campionato Galego Escolar antes do Campionato de España, clasificaranse para este os 4 primeiros clasificados do Campionato Galego Federado e outros 2 a proposta do comité técnico.

## 14. DATAS

A competición de campo a través comezará a partir de novembro nas catro provincias. Agás en casos excepcionais, os campionatos provinciais realizaranse na mesma fin de semana nas catro provincias.

## 15. OUTRAS NORMAS

Todos os aspectos non recollidos nestas normas serán regulados pola normativa oficial da Federación Galega de Atletismo, que pode consultarse na páxina web da federación: <https://atletismo.gal/>